

Nome: Data:

	2 Foime xenial porque...	1,5 Fíxeno ben porque...	1 Custoume un pouco porque...	0,5 Debo mellorar porque...
No traballo en equipo.	Fun un membro esencial no grupo, sempre estiven dispoñible para axudar, e aportei ideas importantes ao proxecto amosando iniciativa.	Integreime ben no grupo, axudei ás miñas compañeiras e compañeiros e fun parte activa no proxecto.	Colaborei pouco co grupo e non axudei moito aos compañeiros/as tendo dificultades para integrarme.	Non conseguín integrarme no grupo e non colaborei nin axudei aos meus compañeiros/as.
No traballo individual.	O meu traballo individual foi excelente, profundei na tarefa, experimentei con todas as técnicas e fixen achegas creativas ao proxecto.	Fixen un traballo individual ben organizado, seguindo as indicacións, traballando todas as técnicas e rematei todas as tarefas a tempo.	O meu traballo individual foi moi limitado, necesitei axuda e non traballei todas as técnicas propostas.	Non realicei as tarefas individuais e non participei na realización do reto. O meu traballo é altamente creativo, orixinal e amosa un estilo único propio.
Creatividade e orixinalidade	O meu traballo é altamente creativo, orixinal e amosa un estilo único propio.	O meu traballo é creativo e amosa algúns elementos orixinais.	O meu traballo é pouco creativo e tamén algo repetitivo e predicible.	O meu traballo non mostra ningunha creatividade nin orixinalidade.
Investigación sobre a arte urbana	Fixen unha investigación profunda sobre a arte urbana e apliquei os coñecementos de maneira innovadora no proxecto.	Realicei unha boa investigación sobre a arte urbana e apliquei algúns dos meus coñecementos no proxecto.	A investigación que fixen sobre a arte urbana foi superficial e non se reflicte no meu traballo.	Non investiguei sobre a arte urbana nin apliquei os coñecementos adquiridos.
Reflexión sobre o proceso e superación do reto	Participei de forma activa no meu grupo e tamén aportei ideas para outras intervencións. Participei na execución e fixen novas propostas reflexionando profundamente sobre todo o proceso, os meus erros, melloras e aprendizaxes, mostrando autocrítica e vontade de mellorar.	Participei para superar o reto e reflexionei de forma detallada sobre o que fixen no proxecto e as aprendizaxes que obtiven.	Participei na busca de espazos deteriorados pero non axudei a facer os deseños para as intervencións. A reflexión que fixen foi moi xeral e non inclúe moitos detalles importantes.	Non participei na busca de espazos deteriorados nin na parte creativa das intervencións e non reflexionei sobre o meu traballo nin o que aprendín.
Suma de puntos				